

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 8 de xullo de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana M^a
Allegue Aguete, Pilar
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Muleiro Parada, Luis M.

Aneiros Pereira, Jaime
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche, Gros, Almudena
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández, Docampo, M^a Belén
Ferrero Martínez, M^a Dolores
Fuentesea Degeneffe, Margarita
García Gestoso, Noemi
García Mosquera, Marta
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, A. Manuel
Martínez Hens, Helena
Montero Muñoz, María
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Barreiro Carril, M^a Cruz

Álvarez Francés, Irene
Araújo Figueroa, Isaac Borja
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Estévez Castro, Águeda
Fernández Huidobro, Adrián
Francisco Bergiela, Agustín
García Moreira, Diego
Guerreiro Gesteira, Isabel
Lamas Baños, Guillermo
Mosquera Goce, Cristian

López Prieto, M^a Nieves
Ramil Vázquez, Paula
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 12.30 h. coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 4 de xuño de 2013)
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, das guías docentes dos Graos e Posgraos impartidos no centro para o curso académico 2013-2014.
4. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5^o, 6^o e 7^a convocatoria e fin de carreira para o curso académico 2013-2014.
5. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso académico 2013-2014
6. Aprobación, se procede, da composición das Comisións Delegadas da Xunta de Facultade
7. Aprobación, se procede, de cambios en Comisións Académicas de Másters impartidos nos centros (Master en Avogacía de Vigo, Master en Xestión Laboral).
8. Aprobación, se procede, dos recoñecementos entre os Grados do Centro.
9. Aprobación, se procede, da Proposta da Comisión de TFG sobre os criterios de puntuación dos TFG polos Tribunais dos TFG
10. Rogos e preguntas.

A Decana escusa a ausencia na Xunta dos seguintes membros da Xunta: D^a Elena Salgado André; D. Pedro Bouso Cedrón; D. Baltasar Manzano; D. Jaime Cabeza Pereiro; D^a M^a Antonia Arias Martínez.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 4 de xuño de 2013)

Apróbase a acta por asentimento

2. Informes da Decana

1.- A Decana dá a Benvida a todos os membros electos da Xunta de Facultade saídos das últimas eleccións.

2.- Da conta da Instrucción que enviou a Reitoría relativa ao procedemento a seguir para realizar as reclamacións dos TFG.

3.- En materia de calidade hai varios informes:

a) Dende a Vicerreitoría comunicaron este ano vanse a retrasar os autoinformes de titulacións. Aínda non hai directrices marcadas pola ACSUG para a súa elaboración, nin está fixado o calendario. Pénsase que as directrices saíran en Setembro-Outubro e calcúlase que haberá que entregalos en Decembro-Xaneiro de 2014.

b) Seguimos pendentes do cambio de algúns procedementos e do Manual de Calidade, que teñen que remitirnos dende a área de calidade. Probablemente o Manual se retrase un pouco e non chegue ata o vindeiro curso académico.

c) Dados os mellores resultados do PAT en comparación con cursos precedentes, se manterá o seu funcionamento e próximamente sairá a nova lista de titores para o curso académico 13-14.

4.- No eido de Asuntos Económicos a Decana informa de que se está a tramitar a adquisición dunha Base de Datos sobre Casos Xurídicos que se empregará na docencia. Habilitaranse varios postos con licencia nos seminarios ou salas comúns dos bloques, así como no Decanato. Serán 6 postos en total.

5.- Comenzou a execución das obras da entrada que, en todo caso, estarán listas para o vindeiro curso académico.

6.- Próximamente se defenderán na Facultade distintas teses de doutoramento. En

concreto as defenderán: D. Aday Jiménez Alemán o 11 de xullo; D^a Elena Salgado André o 16 de xullo; D. Ángel Manuel Mariño de Andrés 23 de xullo.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes dos Graos e Posgraos impartidos no centro para o curso académico 2013-2014

A Decana pregunta se se aproban as guías das distintas titulacións tal como se enviaron. Non hai intervencións. Quedan aprobadas por asentimento.

Intervén a Profesora Belén Fernández Docampo como coordinadora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos quen quere poñer de manifesto unha queixa contra a xestión do sistema de elaboración das guías docentes, pois hai erros que desde a coordinación se comunican por escrito a quen xestiona o sistema e que son correos que nin se responden nin se atenden e poden inducir a erros, polo que solicita que se atenda este tema dende o Decanato. A Decana indica que así se fará.

4. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5º, 6º e 7ª convocatoria e fin de carreira para o curso académico 2013-2014.

Apróbanse por asentimento.

5. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso académico 2013-2014

A Decana presenta a proposta de exames enviada dende o Decanato. Sinala que respecto da proposta enviada unicamente queda por ver a data de dúas materias do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: Contabilidade e Técnicas de Investigación social. Os profesores afectados comunicaron ao Decanato que a data do examen ordinario, a diferenza doutras veces, non coincidía coa prevista para a do curso complementario. Proponse aos profesores das dúas materias que se deixe como data de exame a que está prevista pola tarde, pois pode favorecer a asistencia ao mesmo das persoas que están facendo o curso complementario e traballan. Os profesores afectados están dacordo polo que a proposta enviada modifícase respecto das seguintes materias, que quedarían como segue:

Contabilidade.- 29 de maio de 2014. Ás 15.30 h.

Técnicas de Investigación social: 8 de xullo de 2014. Ás 15.30 h.

Apróbanse por asentimento os horarios enviados coas dúas modificacións referidas.

6. Aprobación, se procede, da composición das Comisións Delegadas da Xunta de Facultade

Solicitouse a os alumnos e PAS que comunicasen os novos membros para cada una das comisión Delegadas de Xunta de Facultade. Estas son as propostas:

PAS:

Comisión Permanente: D^a Nieves López Prieto; D^a Elena Iglesias Prado

Comisión de Docencia: D^a Fernanda Rivas Suanzes

Comisión de recoñecemento e validacións: D^a M^a Nieves López Prieto

Comisión de calidade: Titular: D. Henrique Macías Cambra
Suplente: D^a Paula Ramil Vázquez

Comisión de Biblioteca e Extensión Universitaria: D. Antonio J. Vázquez Escudero

Comisión de TFG: D^a Mónica Zas Varela

ALUMNADO:

Comisión Permanente:

Alumnos de Dereito: Irene Álvarez Francés; Agustín Francisco Bargiela; José Miguel Diéguez Rodríguez; Noelia Álvarez Morais; Diego García Moreira; Adrián Huidobro Fernández

Alumnos de RRL: Águeda Estévez Castro; Karenina Spigel Restivo

Comisión de Docencia:

Alumnos de Dereito: Guillermo Lamas Baños; Cristian Mosquera Goce

Alumnos de RRL: Karenina Spigel Restivo

Comisión de recoñecemento e validacións

Alumnos de Dereito: Adrián Huidobro Fernández; Cristian Mosquera Goce

Alumnos de RRL: Karenina Spigel Restivo

Comisión de calidade:

Alumnos de Dereito: Isabel Guerrero

Alumnos de RRL: Isaac Araújo

Comisión de Biblioteca e Extensión Universitaria

Alumnos de Dereito: José Miguel Diéguez Rodríguez; Guillermo Lamas Baños

Alumnos de RRL: María Quintáns Campelo

Comisión de TFG

Alumnos de Dereito: Noelia Álvarez Morais
Alumnos de RRL: Águeda Estévez Castro

Comisión de Relacións Internacionais:

Alumnos de Dereito: Diego García Moreira
Alumnos de RRL: Isaac Araujo

PDI NON PERMANENTE: todos os membros que xa o eran da Xunta de Facultade o seguen sendo agás D. Diego Espino que, polo tanto, ten que ser substituído da Comisión Permanente. A Decana pregunta se algún membro do PDI non permanente se propón para substituílo e ante a ausencia de propostas propón que D. Diego Espino sexa substituído por D^a Elena Salgado André.

Apróbanse por asentimento todas as propostas, e a actualización da composición de cada unha das Comisións téndoas en conta.

7. Aprobación, se procede, de cambios en Comisións Académicas de Másters impartidos nos centros (Master en Avogacía de Vigo, Master en Xestión Laboral)

A Decana presenta as dúas propostas de cambios nas Comisións Académicas referidas a Másters vinculados ao Centro:

- A) En relación co Máster de Avogacía de Vigo, explica que a Comisión Académica do Máster de Avogacía de Vigo celebrada o 4 de xullo de 2013, aprobou propoñer a este Decanato o nomeamento da Profesora Noemi García Gestoso como Secretaria da devandita Comisión.
- B) En relación co Máster en Xestión Laboral da conta de que a Comisión Interuniversitaria do Máster en Dirección e Xestión Laboral, reunida en Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2013, aprobou a proposta para a constitución dunha Comisión Académica do referido Máster, específica para a Universidade de Vigo, coa seguinte composición:
- Coordinadora: Emma Rodríguez Rodríguez
 - Secretaria: Francisca Fernández Prol
 - Membro da Comisión de calidade: Belén Fernández Docampo
 - Catro vogais: Jaime Cabeza Pereiro -a súa vez, coa condición de Director Académico do Máster en Dirección e Xestión Laboral-, Marta Fernández Prieto, Nora M^a. Martínez Yáñez, Alberto Vaquero García.

Apróbanse por asentimento ámbalas dúas propostas.

8. Aprobación, se procede, dos recoñecementos entre os Grados do Centro

A Decana explica o proceso de elaboración das dúas táboas de recoñecementos entre os Grados do Centro, que somete a consideración da Xunta. A proposta é a seguinte:

TÁBOA DE RECOÑECEMENTO ENTRE O GRAO EN DEREITO E O GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS

MATERIA CURSADA EN DEREITO	MATERIA POLA QUE CONVALIDA EN RRL
Dº Civil I (6) Dº Adtivo I (6)	Introducción ao Dº (6)
Dº Adtivo I (6) Dº Adtivo II (9)	Dº Adtivo. (9)
Fund. Cont. y finan. (6)	Funda. básicos contab. (6)
Dº Financ e Tributario I (9)	Dº Financ e Tributario (9)
Dº Mercantil I (6)	Dº Sociedades e Cooperativas (6)
Dº Trabajo e SS. (9)	Dº Trabajo I (6)
Dº Segur. Social (6)	Dº Seg. Soc. I (6)
Pios de Economía (6)	Pios. de Eª (6)
Fundam Admon empr. (6)	Organiz da empresa. (9)
Eª española e da UE (6)	Eª laboral (6)
Interpretación financ. dº contable. (6)	Introducción ao análise cont. (6)
Recoñecemento automático:	-Materias FB (respectando a priorización) (36)

TÁBOA DE RECOÑECEMENTO ENTRE O GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E O GRAO EN DEREITO

MATERIA CURSADA EN RRL	MATERIA POLA QUE CONVALIDA EN DEREITO
36 cr. optativas	36 cr. optativas (sen opción de itinerario)
Introducción ao análise cont. (6)	Interpretación financ. dº contable. (6)
Organiz. da empres. (9)	Fund. Admon. empresa (6)
Economía Laboral (6)	Economía española e da UE (6)
Dº Trab I (6) y II (6) Dº Sindical I (6) y II (6)	Dº Trab. Y SS (9)
Dº Adtivo (9)	Dº Adtivo I (6)
Dº Finac. Tribut. (9)	Dº Financ. Y Tribut. I (9)
Recoñecemento automático:	-Materias FB (respectando a priorización) (36) -Introducc. Tª Derecho (9)

Apróbanse as táboas de convalidación automático propostas por asentimento

9. Aprobación, se procede, da Proposta da Comisión de TFG sobre os criterios de puntuación dos TFG polos Tribunais dos TFG

A Decana explica a razón de ser desta proposta. Lee o que dí a normativa vixente de TFG en relación coa avaliación do TFG e indica se trata de desglosar cada un dos aspectos. Dito desglose, de aprobarse a proposta, se incluíría na normativa de TFG. A proposta ven feita pola Comisión de TFG que na súa reunión do 3 de xullo acordou, someter á Xunta de Facultade os seguintes criterios e puntuacións respectivas que terían que aplicar os Tribunais de TFG:

- 1.- Informes dos titores: Ata 3 puntos
- 2.- Calidade do contido: Ata 4 puntos
 - a. Metodoloxía: máx. 2
 - b. Calidade da redacción: máx. 1
 - c. Conclusións: máx. 1

3.- Exposición: Ata 3 puntos

a. Claridade expositiva: max. 2

b. Capacidade de debate e defensa argumental: máx. 1

Intervén Noemi García Gestoso que pregunta se nos Tribunais desta próxima semana se aplicarían os criterios de aprobarse. A Decana contesta que sí. Ademais quere saber se cada membro do Tribunal ten que avaliar cada un dos ítems. A Decana contesta que sí, e que a partir de ahí se faría a media aritmética. Por outra banda, a Profesora García Gestoso pregunta se sempre se debe dar a o alumno a opción de debate e defensa, pois se non é así, non podería ser avaluado ese apartado. Por último, considera que se debería dar máis importancia a aspectos tales como manexo de fontes e bibliografía. A Decana responde que naturalmente a valoración da capacidade de debate e defensa se fará tendo en conta a intervención neste contexto do alumno. En canto a que se recoñeza unha maior puntuación ao apartado no que se avalía o manexo de fontes e bibliografía o reconduce á votación final da proposta.

O Profesor Javier de Vicente Remesal entende que este tema era de suficiente importancia como para ter previamente información sobre o mesmo. Por outra banda considera que a inclusión na normativa dunha proposta como esta pode dar lugar a confusións e complicar indebidamente o traballo que fan os Tribunais de TFG. Non está conforme coa valoración proposta para o informe do titor. Considera que os membros do Tribunal son xa obxectivos e soberanos para avaliar os traballos sen que se lles teña que dar indicacións concretas. Entende que da normativa non se desprende que se deba facer o desglose proposto.

O alumno Miguel Diéguez tamén alude que houbese sido importante contar previamente con información sobre este punto. En todo caso, á vista da proposta feita polo Decanato, propón que o contido se puntúe ata 5 e a exposición cun 2 como máximo. Ademais propón que sexan os propios titores os que fagan directamente a avaliación correspondente ao apartado 1.

A profesora Marta García Mosquera indica que non cree que este tema deba ser aprobado nesta Xunta. Entende que se desde os órganos de Goberno da Universidade atoparon un problema de aplicación da norma o que deberían facer sería modificar a normativa da Universidade ao respecto. Entende que esta proposta en lugar de aclarar pode xerar confusión.

A Decana aclara que os titores deberían realizar unha avaliación numérica do traballo sobre base 10. De tal xeito que se avalían un traballo cun 10, neste ítem o alumno tería una calificación de 3.

A profesora Marta García Mosquera indica que se os órganos competentes da Universidade se están apreciando problemas na avaliación dos TFG o que deberían facer non é dictar una instrucción como a que chegou ao Decanato, senón modificar

oportunamente a normativa aplicable. En todo caso, solicita que este sistema de avaliación proposto poro Decanato, de aprobarse, non se aplique aos Tribunais que deben actuar esta semana, pois non hai avaliación numérica dos titores.

A Decana aclara que de aplicarse aos Tribunais desta semana habería que solicitar aos titores a avaliación numérica dos traballos que titorizaron.

A Profesora Pilar Allegue intervén para indicar que a aprobación de criterios como os propostos sería importante pois permitiría limar diferencias de avaliación entre os Tribunais polo que se tendería a homoxeneizar criterios.

A Profesora Carmen Ruiz entende, como coordinadora de un Grao, que a non fixación de criterios obxectivos sí que pode xerar problemas. Considera que o informe dos titores sí que é relevante pois son quenés mellor coñecen a evolución do alumno e ademáis son expertos nas materias nos que éste fan os traballos, polo que están na mellor situación para avaliar os resultados acadados.

O Profesor Pablo Grande considera que pode estar ben fixar criterios pero considera demasiado precipitado a súa aplicación polos Tribunais que deben avaliar traballos esta semana. A Profesora García Gestoso súmase a esta opinión.

Decídese someter a votación a proposta incluíndo a modificación suxerida por Miguel Diéguez. A proposta votada, queda como segue:

<p>1.- Informes dos titores: Ata 3 puntos</p> <p>2.- Calidade do contido: Ata 5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none">a. Metodoloxía: máx. 2b. Calidade da redacción: máx. 1c. Conclusións: máx. 2 <p>3.- Exposición: Ata 2 puntos</p> <ul style="list-style-type: none">a. Claridade expositiva: max. 1b. Capacidade de debate e defensa argumental: máx. 1 <p>Aos efectos da ponderación do apartado 1 o titor deberá emitir unha puntuación numérica sobre base 10.</p>
--

Vótase:

- a) Votos a favor de aprobar a proposta: 19
- b) Votos en contra da proposta: 3
- c) Abstencións: 4

A proposta queda aprobada por maioría e será engadida na normativa de TFG do

Centro.

Por outra banda vótase a aplicación dos criterios aprobados polos Tribunais que deben avaliar traballos esta semana. Os resultados obtidos son os seguintes:

- a) Votos a favor de comenzar a aplicar a proposta a partir da convocatoria de outubro: 22
- b) Votos en contra: 0
- c) Abstencións: 3

10. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas. En todo caso a Decana intervén para expresar que estamos en período electoral a Decano/a de Centro. Recorda que só se presentou una candidatura e que as eleccións celebraranse o vindeiro venres e a reunión será debidamente convocada.

Non habendo máis intervencións levántase a reunión sendo as 14.50 horas do que dou fe como Secretaria.